



Guía Docente

Datos Identificativos					2018/19
Asignatura (*)	Socioloxía da educación		Código	652G02004	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es		
Profesorado	Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	Correo electrónico	gabriel.vazquez@udc.es		
Web	www.udc.gal				
Descrición xeral	<p>Básicamente, trátase de concebir a educación como un sistema en sí mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización, institucionalización, etc.; e que a súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con esta materia o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A	B	C
Coñecer os principais debates teóricos e principais autores responsables de teorías sociolóxicas sobre a educación	A10 A14 A15 A23 A24	B16 B19 B21 B23	C6 C7
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A2 A6 A9 A11	B15 B18	
Coñecer as principais correntes e debates sociais entorno á educación no século XXI	A10 A23	B15 B22 B24	C4
Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A6 A9 A10	B15 B16 B21	C4 C8
Aplicar de forma inicial técnicas de investigación social para a recollida e análise da información	A9	B15 B22 B25	C6 C8



Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A2 A11 A13 A23	B15 B16 B21 B22 B23 B24 B25	C6 C8
Análise de contidos do sistema educativo	A9 A10 A13 A14 A15 A23 A24	B15 B16 B18 B21 B23 B24 B25	C4 C6 C7 C8
Síntese dos coñecementos teóricos e do estudo empírico da realidade social en relación coa educación	A9 A10 A15 A23	B15 B16 B19 B22 B23 B24 B25	C4 C6 C8
Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A9 A10 A15 A23	B15 B16 B18 B19 B21 B22 B23 B24 B25	C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1 Concepto sociolóxico de Educación	1.1. Conceptos básicos de Socioloxía 1.2. Definición sociolóxica de educación 1.3. Historia da educación 1.4. Obxectivos da educación 1.5. A educación como un feito social e como un fenómeno sociolóxico
Bloque 2 Individuo, Sociedade e Educación	2.1. A constitución da sociedade e dos individuos 2.2. Análise sociolóxico das estruturas, as relacións e das institucións sociais 2.3. Análise sociolóxico sobre a sociedade do coñecemento, da información e da comunicación 2.4. Estudo sociolóxico dos estilos de vida, do consumo e da sustentabilidade 2.5. Desigualdades sociais en base a xénero, clase social, etnia, cultura, identidade, etc. 2.6. Análise sociolóxico sobre o impacto social dos fenómenos da inmigración humana. 2.7. Socioloxía da infancia e da adolescencia.



<p>Bloque 3</p> <p>Socioloxía da Educación</p>	<p>3.1. Socioloxía da Educación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ámbitos - Áreas - Marco teórico - Fundamentos epistemolóxicos e metodolóxicos <p>3.2. Estudio sociolóxico da estrutura e función das escolas e das organizacións educativas na sociedade actual</p> <p>3.3. A organización escolar: formal e informal</p> <p>3.4. Os axentes educativos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A familia e a comunidade - Institucións sociais - A función do maestro e profesores - Alumnos <p>3.5. Socioloxía da interacción no aula</p> <p>3.6. Reformas e cambios educativos</p>
<p>Bloque 4</p> <p>Teorías Sociolóxicas sobre a Educación</p>	<p>4.1. Saint-Simon</p> <p>4.2. Auguste Comte</p> <p>4.3. Karl Marx</p> <p>4.4. Emile Durkheim</p> <p>4.5. Max Weber</p> <p>4.6. Talcott Parsons</p> <p>4.7. Outras</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 A24	7	7	14
Discusión dirixida	A2 A11 A13 A14 B16 B21 B23 B24 C4 C6 C8	2	2	4
Traballos tutelados	A9 A23 B15 B22 B25 C7	5	10	15
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A6 A11 A13 A15 B16 B18 B22 B23 B24 B25	4	16	20
Aprendizaxe colaborativa	A2 A13 A14 B15 B16 B19 B22 B24 C4 C8	4	8	12
Obradoiro	A11 A13 B15 B23 B24 B25 C4 C6 C8	12	48	60
Lecturas	A9 A10 A14 A15 A24 B23 B24 C6 C7 C8	2	10	12
Análise de fontes documentais	A13 B22 B25 C6 C7 C8	2	6	8
Presentación oral	A2 A6 A11 A13 A14 B18 B19 B22 B23 B25 C4 C4	1	2	3
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a socioloxía da educación e para levar a cabo o traballo de investigación.
Discusión dirixida	<p>Trátase de agudizar o razoamento crítico nas materias de educación e o seu significado sociolóxico no proceso de cambio social existente na actualidade.</p> <p>Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas titorías.</p> <p>Polo tanto, a asistencia e participación estímense fundamentais no plantexamento da asignatura. Un dos obxectivos principais de calquera plantexamento didáctico debería conseguir a máxima implicación posible por parte do alumnado. E uns bos indicadores da mesma son, sen dúbida, a asistencia e a participación do alumnado no desenvolvemento das clases, no ensino e na aprendizaxe. Por un lado, unha asistencia non coercitiva, senón acadada a traveso de despertar o interese e, polo tanto, o seguimento voluntario da asignatura. Asimesmo, a participación tamén supón un valor a fomentar e acadar no desenvolvemento destas clases, que os alumnos participen, ben facendo preguntas, debatindo, pedindo máis información, nas titorías, etc. En definitiva, estamos a falar da importancia que ten o traballo participativo do alumnado nas clases.</p>
Traballos tutelados	<p>Cara ao traballo de investigación, o curso terá un calendario de entregas das sucesivas fases do mesmo: proxecto, marco teórico, parte empírica e análises.</p> <p>Estas partes teñen adicada a parte práctica da asignatura, desenvolvéndose mediante as correspondentes titorías.</p> <p>Estas partes ou traballos terán un calendario de entregas, que serán en formato arquivo, perante correo electrónico.</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>O Traballo Teórico Práctico constitúe o núcleo central da asignatura, tanto no que se refire á actividade a desenvolver polo alumnado como polo que respecta a súa avaliación.</p> <p>O alumnado escollerá libremente o seu obxectivo de estudo dentro do campo da Socioloxía da Educación, procurando ter unha orientación hacia os diagnósticos, problemas e propostas.</p> <p>O traballo pode ser individual ou colectivo, coas seguintes ponderacións do mesmo neste último caso.</p> <p>Establécese como forma de entrega final do mesmo mediante arquivo adxunto a través do correo electrónico.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>O traballo en grupo, con plantexamentos baseados no que se coñece como intelixencia social, é un dos pilares do plantexamento desta materia, co formato obradoiro que se explicita nesta guía docente. De maneira que o alumnado se responsabilice, asuma, dirixa e saque rendimentos gracias ás aportacións propias e dos demais, incluído o profesor, que é a fonte de información principal. Así, o que se busca é cambiar o concepto e a costume dunha aprendizaxe baseada na individualidade, na exclusividade, para ilo cambiando hacia a aprendizaxe inclusiva, máis rica en aportacións, perspectivas, etc. e da que pode sacar máis partido o alumnado.</p>
Obradoiro	<p>O obradoiro constitúe o eixo sobre que se pretende operativizar a materia. Para elo, o plantexamento é facer da aula un lugar de traballo, tratando de reproducir ao máximo o que sería un espazo de traballo normal ou común na nosa área ou terreo.</p> <p>Para elo, o alumnado deberá asumir que ven a traballar, non simplemente a escoitar, que é un membro ou parte activa e non pasiva. Procurarase que o obradoiro supoña tanto o traballo a desenvolver como o núcleo central da avaliación. Para elo, o obxectivo principal do obradoiro é facer o traballo de investigación necesario para aprobar a materia. De aí que a asistencia, participación, interese, relacións e valoracións, así como outros aspectos a ter en conta no desenvolvemento do traballo en grupo, sexan os contidos a desenvolver e ter en conta.</p>
Lecturas	<p>Lectura, por parte do alumnado, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumnado; así como aqueles outros necesarios para levar a cabo os traballos tutelados e a investigación final.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Nese traballo, o marco teórico e recollida de información (secundaria) existente sobre o obxectivo da investigación fixado polo alumnado, co asesoramento do profesor, supón unha parte fundamental.</p> <p>Tanto no coñecemento dos contidos da asignatura como para a realización dos traballos e a investigación, resulta necesaria a familiarización, consulta e coñecemento das diferentes fontes de información secundaria, entre as que nesta asignatura destacan teorías, correntes, escolas, etc.</p>
Presentación oral	<p>Si a disposición de tempo o permite, os traballos serán presentados en clase, tanto para que o resto de compañeiros podan saber deles, como para ir practicando este tipo de facetas do traballo técnico</p>



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Discusión dirixida Obradoiro Presentación oral	<p>As clases preséntanse eminentemente prácticas, para que o alumnado desenvolva co seu traballo o contido e coñecemento da asignatura, sobre todo a traveso do traballo individual ou en equipo, coa participación nas clases sobre os temas a tratar, así como os propios traballos a realizar (o titelado, as lecturas, os debates, etc.). Todo elo baixo a supervisión o coa colaboración do profesor, que procura ser un membro máis do equipo de traballo.</p> <p>Polo que tanto os contidos de carácter teórico ?explicitados no temario- como as actividades a realizar na parte práctica dificilmente poderán conseguir os seus propósitos sen a estreita colaboración entre o alumnado e o profesor.</p> <p>Así pois, nesta asignatura dedíncase as horas de prácticas precisamente a atención e titorización dos traballos e demais asuntos do alumnado relacionados coa materia.</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A9 A23 B15 B22 B25 C7	<p>De cara ao proxecto a investigación final, establécense unha serie de fases ou etapas de traballos titulados, que deberán informarse ao profesor e entregarse dacordo ao calendario establecido a este efecto.</p> <p>Estas fases e/ou partes son: proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións.</p> <p>As entregas periódicas das diferentes fases e partes do traballo de investigación terán carácter obrigatorio e serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento de ditos prazos de entrega.</p>	10
Discusión dirixida	A2 A11 A13 A14 B16 B21 B23 B24 C4 C6 C8	<p>Trátase de agudizar o razoamento crítico nesta materia e utilizar as categorías de análise plantexadas en cada sesión dedicada ós temas de discusión.</p> <p>Esta parte de asignatura intentará medir ou avaliar a participación, implicación e interese do alumno. O que, xunto coa asistencia correspondente, vería a supoñer aproximadamente un 20% da avaliación final.</p>	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A6 A11 A13 A15 B16 B18 B22 B23 B24 B25	<p>O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico.</p> <p>Este traballo estará dirixido ou titelado polo profesor.</p> <p>É a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos titulados.</p>	40
Obradoiro	A11 A13 B15 B23 B24 B25 C4 C6 C8	<p>O obradoiro é para desenvolver un lugar de traballo no que o alumnado desempeñe o máis correctamente posible as súas funcións, entre as que están a asistencia, participación, aportacións válidas, resultado final, etc.</p> <p>Así pois, neste apartado se van a ter en conta todos esos aspectos.</p>	30



Presentación oral	A2 A6 A11 A13 A14 B18 B19 B22 B23 B25 C4 C4	Outro dos aspectos importantes na formación do alumnado é o seu desenvolvemento á hora de facer e presentar informes de carácter técnico, de aí que no plantexamento da asignatura se asuma esta faceta como entrenamento e aprendizaxe de cara á formación completa e persoal do alumnado	10
-------------------	---	--	----

Observacións avaliación

Esta asignatura está plantexada para ser cursada presencial e participativamente, xa que a súa avaliación na convocatoria ordinaria pretende ser o máis integral posible (coñecementos teóricos adquiridos, traballo práctico ou habilidade técnica, interese, actitude, etc.). De aí que a asistencia, a participación, o interese, as valoracións propias e dos compañeiros e a exposición sexan tidas en conta á hora da avaliación.

A avaliación baséase sobre todo na elaboración dun traballo teórico-práctico. Sendo a participación, o interese mostrado e a asistencia os outros pilares da asignatura.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a asignatura na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para esta avaliación continua, será necesaria a asistencia mínima a un 80% das clases. Nos casos debidamente xustificadas de ausencias ou prácticas, esta porcentaxe mínimo será do 60%.

Para o resto de casos e convocatorias haberá unha proba escrita ou examen, no que ademais dos contidos teóricos se inclúe un soposto de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua.

Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Guerrero Serón, Antonio (2011). ENSEÑANZA Y SOCIEDAD. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI OUTROS MANUAIS: - González Radio, Vicente (1998). EL FUTURO DE SU PRESENTE: Análisis de una Autopercepción. A Coruña: CESUGA. - Fernández Palomares F.: Sociología de la educación (Ed. Pearson) - Gómez Jaldón, C.: Sociología de la educación (Ed. Morata).
Bibliografía complementaria	ALMARCHA, A.: Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977. En REIS, 2, 115-148. ALONSO HINOJAL, I., Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación. CIS. 1991.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da educación/652G03011
Educación multicultural/652G03013
Antropoloxía da educación/652G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001
Pedagogía social/652G03006
Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario



Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías